

ADDENDA: ADAPTACIÓN DO APARTADO DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS E PROCEDIMENTOS AO NOVO CALENDARIO ESCOLAR PARA O CURSO 2022-23, RECOLLIDO NA ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2022

Tras a reunión do Departamento de Lingua Galega e Literatura para adaptar a avaliación ao novo calendario escolar para o curso 2022-2023, decídese que o apartado queda como segue:

O proceso de avaliación desenvólvese a través de:

- **Unha avaliación inicial** que servirá para detectar as posibles dificultades e adaptar as actividades e metodoloxía previstas á realidade.
- **Unha avaliación formativa** ou do proceso que terá en conta todos os elementos da programación.
- **Unha avaliación sumativa ou final** que establecerá os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe, con respecto á consecución dos obxectivos.

Mediante a avaliación obtemos información precisa e obxectiva que nos permite tomar decisións para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, porque o seu fin non é simplemente a cualificación dos alumnos/as, senón a valoración e a corrección do seu proceso de ensino. Así pois, a avaliación debe estar integrada no proceso de ensino-aprendizaxe e non verse reducida a un exame que se faga ao final dunha unidade ou dun bloque de unidades, por iso, para realizala, botaremos man da observación e corrección das intervencións, das actividades desenvolvidas na aula, das tarefas encomendadas e das probas de avaliación específica (traballos e exames) adaptándonos, en cada momento, ao grupo e ás especificidades dos alumnos e alumnas, segundo o indicado a continuación.

Antes de comezar unha descrición máis polo miúdo dos instrumentos e procedementos empregados en cada avaliación e a final de curso, gustaríanos resaltar os seguintes aspectos:

- O ensino-aprendizaxe do galego, non pode limitarse á súa dimensión escrita, por iso terase en conta, o emprego e a corrección do galego falado na aula polos alumnos/as, tanto nas intervencións como nas probas orais realizadas, polo que estas se someterán aos criterios expostos.
- Se na realización dalgunha das probas, traballos ou tarefas obxecto de avaliación se detecta que un/ha alumno/a empregou un método fraudulento (porque os contidos non son orixinais ou porque está copiando dalgún xeito), obtería un 0 na devandita proba, que en ningún caso lle será repetida.
- O alumnado coñecerá previamente o valor de cada proba e a cualificación de cada un dos seus apartados.
- No cálculo da nota final de todos os alumnos e alumnas, para facer a media empregárase a nota acadada sen o redondeo posterior, conservando ata dúas décimas.
- Con respecto aos exames (ou outras probas de avaliación), faremos as seguintes observacións:
 - Se non se puidesen facer presencialmente no día marcado por un motivo debidamente xustifico, o exame farase canto antes despois da reincorporación ás clases e deberán entregar previamente cuberto o impreso que para tal fin o alumnado ten na web do centro.
 - Se as clases deixasen de ser presenciais e non houbera posibilidade de facer exames tamén presenciais, a nota nese período recaería nas actividades, traballos e/ou probas feitos nesta nova situación.

- O alumnado será informado destes aspectos, na propia aula, na páxina web do centro e nas respectivas aulas virtuais, se as houbese.

En cada unha das tres avaliacións en que se distribúe o curso, teremos en conta:

1. O traballo diario: No traballo diario valorarase a actitude na aula, a atención e participación positiva e a realización de exercicios e traballos (orais e escritos) así como a súa entrega nos prazos acordados; se algún destes exercicios e traballos se realizase en grupo, valorarase o sentido de traballo en equipo, a planificación, o respecto polos compañeiros e as iniciativas propias.

Cada alumna/o deberá manter un caderno dedicado ao seguimento da materia, tanto dos apuntamentos recibidos na clase como dos traballos propostos. No mesmo é fundamental a limpeza, a orde, a corrección, a cantidade de material recompilado, a expresión, a ortografía...

O traballo diario repercutirá un 10% na súa nota de avaliación.

Penalizarase neste apartado de traballo diario a asistencia a clase sen material: libro, caderno, ordenador, ordenador sen carga, libro de lectura para a hora de ler, etc.

2. Proba (traballo e/ou exame oral ou escrito) de avaliación do libro de lectura proposto.

O resultado obtido suporá un 10% (só para a ESO e 1º de Bacharelato).

3. Proba ou probas, orais ou escritas arredor dunha unidade ou dun bloque de unidades do currículo. (Un máximo de catro probas por avaliación). O resultado obtido suporá:

- **Un 80% da nota de avaliación para o alumnado de ESO e 1º de Bacharelato.**
- **Un 90% para o alumnado de 2º de Bacharelato.**

Nestas tarefas, probas..., espérase e valórase que o alumnado responda dun modo razoado, conciso, claro e correcto ás cuestións que se lle formulen, tendo en conta que non só se valorarán os contidos, senón tamén o xeito de expresalos, a presentación, a redacción, a corrección ortográfica...; **as incorreccións** relativas ao que vimos de dicir, **descontarán (ata un máximo de 2 puntos)** 0,05 ou 0,1 dependendo da súa gravidade, nas probas feitas polo alumnado da ESO, e, nas probas de Bacharelato o desconto será o mesmo que se fai nas ABAU, polo tanto, sobre a cualificación global poderase descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Estes poderán ser:

- Moi graves: Desconto 0'2 puntos c/u. Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...).
- Graves: Desconto 0'1 puntos c/u. Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica...
- Leves: Desconto 0'05 puntos c/u. Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Contraccións non realizadas.

En caso de dislexia, seguiremos, en liñas xerais, os criterios publicadas pola CiUG:

https://ciug.gal/PDF/criterios_correccion_dislexia.pdf

Haberá un mínimo dunha proba escrita ou oral sobre os contidos vistos durante cada trimestre, aínda que poden ser máis.

Non haberá recuperacións trimestrais (excepto en 2º de Bacharelato), para facilitar a avaliación continua; **incluiremos nas probas das seguintes avaliacións preguntas relativas a cuestións básicas de contidos non acumulativos vistos nas anteriores avaliacións**. Estes contidos terán como máximo un **valor do 10% das ditas probas**.

O profesorado poderá propor traballos voluntarios para subir nota ata 1 punto sobre a nota final do trimestre, valorándoo de forma proporcional á calidade e dedicación do/s traballo/s entregado/s.

A nota final do curso será calculada dando a cada unha das avaliacións distinta porcentaxe de valor. Do seguinte xeito:

1ª avaliación 20%

2ª avaliación 30%

3ª avaliación 50%

Para aquel **alumnado da ESO que non acade os obxectivos mínimos do curso durante as avaliacións**, haberá unha **proba escrita e/ou oral a final de curso (a semana anterior á terceira avaliación, que pasa a coincidir no novo calendario coa ordinaria)**, que recollerá o 100% dos contidos vistos e cuxa nota, no caso de que a/o alumna/o teña que presentarse á dita proba, será, polo tanto, o **100% da súa nota do curso**.

Nos cursos de **Bacharelato** terán unha **convocatoria extraordinaria**, que consistirá nunha **proba oral ou escrita** cuxo resultado representará, para aquel alumnado que deba realizala, o **100% da súa nota do curso**.

De non acadar un 5, como mínimo, na suma dos resultados obtidos nos tres apartados explicados anteriormente, a avaliación estará suspensa. Para o cálculo da devandita nota faremos un redondeo ao número máis próximo e en caso de equidistancia ao superior. Para a cal teremos en conta ata 2 decimais.

Para que así conste, este documento, que será engadido ás programacións de inicio de curso e enviado á Inspección Educativa para a súa aprobación, faise público na web do centro, así mesmo, o profesorado de cada curso será o encargado de lelo ao seu alumnado e indicarlles os lugares onde poderá ser consultado.

Culleredo, 26 de xaneiro de 2023

Sandra Villar Giner

Xefa do Departamento de Lingua Galega e Literatura